

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DA XXVII EDICIÓN DO CURSO DE POSGRAO DE ESPECIALIZACIÓN EN RELACIÓNS LABORAIS BAIXO A DENOMINACIÓN DE CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS, CÓDIGO EG38.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A presidenta en funcións do Consello Galego de Relacións Laborais, **DECLARA:**

Que a Comisión Permanente deste Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza de data 11/11/2016, acordou formalizar no mes de xaneiro de 2017 coa **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** o instrumento convencional arriba referido.

Que o período de vixencia do convenio se estenderá dende **a súa data de sinatura ata o 31 de outubro de 2017.**

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Galego de Relacións Laborais ofertan este curso conscentes da demanda social de ensinanzas do máis alto nivel no campo das relacións laborais, así como da necesidade de promover, nun mercado que se mostra cada vez máis competitivo, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de recursos humanos e as esixencias organizativas das empresas.

Que o convenio ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS, que se desenvolverá entre os meses de xaneiro e xullo do ano 2017 na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

Que os obxectivos que se pretenden cubrir co desenvolvemento do curso de posgrao son:

- a) Proporcionar unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral.
- b) Facilitar a capacitación do alumnado para resolver as cuestións asociadas ás relacións laborais e á xestión de recursos humanos.
- c) Dotar ao alumnado dun dominio interdisciplinar da materia a través da adaptación dos contidos didácticos ao novo marco legal e convencional polo que discorren as relacións laborais e de seguridade social.
- d) Afondar nas consecuencias prácticas dos procesos de reforma que afectan ao mercado de traballo (formas de contratación, organización do traballo, extinción do contrato de traballo), á negociación colectiva, á representación das traballadoras e dos traballadores na empresa, á seguridade social, á previsión de riscos laborais e saúde laboral, así como á repercusión que ten o Dereito social comunitario sobre as lexislacións sociais dos distintos Estados membros da Unión Europea.
- e) En definitiva, que o alumnado atope no curso un lugar de exposición e debate dos cambios que se veñen producindo na lexislación laboral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Curso concíbese como un instrumento de especialización e perfeccionamento profesional dos Grados en Dereito, Ciencias do Traballo e Ciencias Económicas e Empresariais, Relacións laborais, así como de responsables de recursos humanos, de relacións laborais e de asesorías e cadros de organizacións sindicais e empresariais.

Establécese como dereito de matrícula a cantidade de mil trescentos euros (1.300,00€) por alumno/a, que serán aboados á Universidade de Santiago de Compostela. O Consello Galego de Relacións Laborais financiará 20 prazas destinadas aos cadros das organizacións empresarial e sindicais que integran o Consello. O pagamento dos dereitos de matrícula das 20 prazas financiadas (26.000,00€) será satisfeito por este organismo e aboadado á USC unha vez formalizado este convenio e á marxe da subvención nominativa nel regulada.

O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento do curso de posgrao mediante a achega de OITO MIL DOUSCENTOS EUROS (8.200,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 09.B1.324A.444.0, denominada “Subvención á USC Curso Superior de Relacións Laborais”, na que está previsto crédito necesario e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Ao ser unha subvención nominativa, segundo o artigo 37, parágrafo 2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a trece de xaneiro de dous mil dezasete.

Marisa Peña Cebreiro

Presidenta en funcións

Consello Galego de Relacións Laborais